



INSTRUCCIÓN IX/2010 DA XERENCIA, SOBRE A MODIFICACIÓN TEMPORAL DAS CONTÍAS POR ALOXAMENTO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, ATA O 31 DE DECEMBRO DE 2010

Introdución

Nas últimas semanas constatáronse as dificultades para atopar aloxamento na cidade de Santiago de Compostela para aquelas persoas visitantes na USC con dereito a percibir axudas de custo e locomoción, dentro das tarifas autorizadas para os respectivos grupos que establece a normativa vixente.

Nos orzamentos 2010 contémplase a posibilidade de superar nun 50% a tarifa de aloxamento para cidades de máis de trescentos mil habitantes. Así mesmo, é unha práctica habitual que desde a Comisión Interministerial de Retribucións se autorice a superación do límite establecido para cada grupo de funcionarios en determinadas cidades durante os meses de verán, baseándose na dificultade de atopar aloxamento neses períodos concretos cos prezos aprobados previamente.

Tendo en conta que se prevé que esta situación se manteña durante todo o ano 2010, e co obxectivo de facilitar o normal funcionamento dos tribunais e demais eventos que orixinan odereito á percepción de axudas de custo e locomoción, esta Xerencia resolve:

Primeiro.

Autorízase con carácter excepcional desde o 1 de outubro e ata o 31 de decembro de 2010 a superación do importe máximo por aloxamento na cidade de Santiago de Compostela ata nun 50%, de acordo co seguinte cadro (IVE incluído):

Grupo	Importe máximo por aloxamento ata setembro de 2010	Importe máximo incrementado de outubro a decembro de 2010
1º	102,56	153,84
2º	65,97	98,96
3º	48,92	73,38
4º	48,92	73,38

Segundo.

Esta autorización temporal será comunicada aos establecementos hoteleiros da cidade cos cales a USC ten asinado un convenio.



XERENCIA
Casa da Balconada. Rúa Nova, 6
15782 Santiago de Compostela

Tel. 881 811304 - Fax 881 811371
Correo electrónico: xerente@usc.es
www.usc.es/xerencia

Terceiro.

Para facer uso desta autorización será preceptivo acreditar que non existe posibilidade de aloxamento para o período necesario na Casa de Europa (http://www.usc.es/cea_ce/ce/index.html) ou ben nalgúnha das residencias universitarias da USC(<http://www.usc.es/sur>).

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2010.

A XERENTE,



María Lourdes Batán Aira